



ORQUESTRA

OS MODERNOS



Dissimulem!

FICHA ARTÍSTICA

Xosé Tuñas: Batería

Joám Casas: Clarinete

Alonso Caxade: Trombón

Iria Pinheiro: Cantante "Rosalie de Choix"

Martín Nogueira: Trompeta

Paco Nogueiras: Acordeón

Alberte Rodríguez: Contrabaixo

[+ info](#) [📺 ver vídeo](#)

ORQUESTRA OS MODERNOS

Dissimulem!

TRADICIONAL

ARTISTA/BANDA

A claridade das lámpadas de cores, o cheiro a pólvora, o arrendo das friameiras, até a xeometría dos cadros dos manteis se levantan e brindan pola oportunidade dada ao “frote” e ao “arrechuche” contagiada polos ritmos máis modernos da **Orquestra “Os Modernos”**. Como consecuencia da súa constate ansia por se renovar e a experiencia a través de tantas xiras por Europa e América do Sur e do Norte, a **Orquestra Os Modernos**, ofrécelles un repertorio renovado de bailes como manda a última moda: *fox trot*, baião, chotis, habanera ou tango americano, corrido, rumba, mazurca e mesmo un *avant-garde twist*, sen esquecer tampouco eses ritmos máis arcaicos e propios do noso folclore como a muiñeira ou a xota.

O ESPECTÁCULO

Tras 5 anos de exitosos directos por toda Galicia (e parte de Asturias), a **Orquestra Os Modernos** gravou, nos Estudios A Ponte, o seu primeiro disco, *Dissimulem!* O rexistro musical que garda a esencia das noites de verbena e as mañás de vermú, un disco esencial en toda casa moderna e en todo automóbil para o goce de toda a familia e mais o can. Cancións coma “O Uruguai”, “A chula tanguista” o “Passa-ruas dos Airinhos de S. Cáprio” nun disco de pizarra que recolle os seus ritmos modernos e incitantes.

www.culturactiva.org